



CULLEREDO CONCELLO  
CONCELLARIA DE EDUCACION,  
IGUALDADE E FORMACION.



CULLEREDO CONCELLO  
CONCELLARIA DE EDUCACION,  
IGUALDADE E FORMACION.



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA DA  
IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade

# II Plan Municipal DE IGUALDADE DE CULLEREDO 2008-2011

**T. 981 66 12 08**

Rúa Andrés Pan Vieiro 30, 5670 O Burgo,  
Culleredo cim@culleredo.org www.culleredo.es

CULLEREDO  **IGUALDADE**

CULLEREDO  **IGUALDADE**



II Plan Municipal  
de Igualdade  
de Culleredo  
2008-2011

# Indice

5.	Denominación do plan
6.	O Contexto Territorial, Socio-Demográfico i Económico do II Plan de Igualdade de Culleredo
12.	O Punto de Partida do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo
16.	O Diagnóstico: A Matriz DAFO
22.	A Misión do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo
24.	Os Principios Inspiradores e as Características do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo
28.	As Áreas, Obxectivos e Accións que Contempla o II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo
36.	Os Recursos Humanos do II Plan Municipal de Igualdade
40.	Cronograma
42.	Avaliación do Grao de Cumprimento dos Obxectivos do II Plan

## 1. Denominación do Plan

“II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo”

## 2. O Contexto Territorial, Socio-Demográfico e Económico do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo

### 2.1. O Territorio (ver gráfico 2.1)

O municipio de Culleredo ocupa unha franxa central dentro da Comarca das Mariñas, limitando cos concellos de Arteixo, Cambre, Carral e Oleiros, e fóra da comarca con Cerceda, Laracha e A Coruña. Está integrado no Consorcio As Mariñas e na Área Metropolitana da Coruña.

Sérvelle de comunicación con Santiago, Pontevedra e Vigo a estrada N-550 e a autoestrada AP-9. Á súa vez conta coa autovía A-6 en dirección a Arteixo, Lugo ou Madrid. Ademais conta co aeroporto de Alvedro, situado dentro dos seus límites territoriais.

- » Ao longo dos seus 62,3 Km<sup>2</sup> o municipio de Culleredo está repartido en 11 parroquias, tres delas de carácter urbano que acapan a meirande parte da poboación, e oito rurais.

### 2.2. Contexto socio-demográfico: en clave feminina. (ver gráfico 22)

Culleredo conta cunha poboación de 28.088 habitantes, tendo unha densidade de poboación de 451 habitantes por Km<sup>2</sup>, unha das máis altas da comarca. É un

municipio cun dos maiores crecementos demográficos de Galicia: supera os 1.000 novos habitantes anuais.

#### Outras características:

- » Asentamento de nova poboación (entre outras cousa polos prezos máis asequibles da vivenda).
- » Poboación relativamente nova en relación á media galega: 39 anos.
- » As mulleres representan un 51 % da poboación, cun total de 14.324.
- » 4.157 habitantes teñen idades comprendidas entre 0 e 15 anos.
- » 3.448 persoas son maiores de 65 anos (13% da poboación): 7,5% mulleres e 5,5% homes; maior esperanza de vida da muller.
- » o 4% de poboación de procedencia estranxeira.
- » Asentamentos de minoría étnica xitana.
- » Taxa de natalidade alta.



Gráfico 2.1



Gráfico 2.2

### 2.3. Contexto socio-económico: en clave feminina

- » Poboación feminina con maior risco de exclusión social e laboral.
- » Os niveis de renda de Culleredo están no intervalo medio-baixo; o nivel baixo afecta máis ás mulleres, sobre todo as que encabezan familias monoparentais.
- » As situacións de pobreza moderada e severa danse con maior frecuencia en mulleres.
- » Maiores taxas de desemprego femininas; case duplica a dos homes.
- » Maior número de mulleres inmigrantes.
- » Un 70% dos perceptores de salario social en Culleredo son mulleres.
- » Maior porcentaxe de mulleres que de homes noutros colectivos en risco: persoas con discapacidade...

### 2.4. Contexto da participación socio-política: en clave feminina

- » Presenza minoritaria das mulleres en postos de responsabilidade no ámbito político, económico, social, científico e tecnolóxico de Culleredo.
- » Número escaso de mulleres en postos directivos e ausencia da muller nos órganos de decisión da rede asociativa en xeral e escasa participación en entidades de iniciativa social.
- » Maior participación social das mulleres na rede asociativa vinculada ao papel de cuidadoras e educadoras (ANPAS, escolas de nais e pais, asociacións de carácter socio-sanitario...)
- » Limitado número de mulleres en postos de dirección nas empresas locais.
- » Representación minoritaria das mulleres dentro da Corporación Municipal.
- » Ausencia dunha rede asociativa sólida no eido do traballo a prol da igualdade.


### 2.5. O contexto no eido educativo: en clave feminina

Nos centros escolares do municipio, as alumnas de educación infantil e primaria representan o 46% do total, mentres que supón un 49% sobre o alumnado de secundaria e o 54% sobre o de bacharelato. Nos ciclos formativos de Culleredo, tradicionalmente ligados aos homes, a representatividade é moito menor: 16%.

- » En canto a taxa do alumnado que no último curso deixou o instituto sen titular, a porcentaxe de alumnas é do 36% fronte ao 64% de alumnos.
- » En canto á distribución do profesorado en postos directivos cabe sinalar que máis do 70% son mulleres, coincidindo coa maior representatividade deste sexo no ámbito educativo.

### 2.6. O contexto no eido da saúde: en clave feminina

- » A idade da maternidade en Galicia aumentou. A media actual das nais é de 31 anos en Galicia, e de 32,4 en Culleredo (IGE 2006).
- » As mulleres son o colectivo que segue a atender a persoas dependentes, o que provoca que padezan máis o estrés “dos cuidadores”.
- » O 17,55% das mulleres percibe o seu estado de saúde de malo a moi malo, mentres que só o 13,7% dos homes teñen esa percepción da súa saúde.
- » A esperanza de vida na muller é de 83,9 anos, pero a esperanza de vida libre de discapacidade para as mulleres sitúase en só 68 anos.
- » As principais causas de mortalidade nas mulleres son os cancros de mama, pulmón, ovarios e colon e o infarto de miocardio.
- » As mulleres presentan, en termos xerais, unha vida máis sedentaria que o home.





### 3. O Punto de Partida do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo

Como punto de partida para este novo Plan temos que lembrar o I Plan, 2004-2007, que xa se executou e rematou que, en resumo, e da súa avaliación, podemos extraer as seguintes conclusións:

**A.** O I Plan planificouse con déficits importantes. Entre eles destacaron a falta de obxectivos operativos, medibles e cuantificables e a ausencia dun orzamento preciso e diferenciado para a súa execución, feito que dificultou a súa implementación e avaliación.

**B.** De todos os xeitos, o Plan tivo como consecuencias e produtos máis reseñables, nas áreas de intervención previstas, os seguintes:

#### **Na área de Promoción e Apoio da Participación Socio-Política da Muller en Culleredo:**

- » Incremento substancial da perspectiva de xénero nas políticas municipais: maiores medidas de

conciliación da vida familiar e laboral (crecemento das prazas de escolas infantís, comedores escolares, implantación de servizos de canguros, campamentos urbanos en períodos vacacionais e incremento e apoio ás coidadoras con maior atención á dependencia).

- » Incremento da participación das mulleres na rede asociativa local.
- » Detección dun maior peso das mulleres en áreas da política municipal rexidas habitualmente por homes.

#### **Na área de Fomento da Educación en Igualdade:**

- » Consolidación con carácter anual de accións de educación pola igualdade na comunidade escolar de Culleredo: obradoiros de igualdade e corresponsabilidade para todos os niveis de primaria e secundaria e obradoiros de prevención da violencia de xénero para o nivel de secundaria e bacharelato.

### Na área de Información e Sensibilización Social sobre Xénero e Igualdade de Oportunidades:

- » Incremento da capacidade da atención no eido da información e orientación especializada ás mulleres de Culleredo coa consolidación do Centro de información á muller (CIM) e a dotación de medios humanos e materiais.
- » Consolidación dun programa con carácter quincenal na radio local denominado “A Terraza da igualdade” para a divulgación de información de interese xeral para a muller e a igualdade.
- » Consolidación de accións de educación e sensibilización comunitaria: Semana da igualdade que vai pola súa 4ª edición, e Sensibilización sobre a violencia de xénero, tamén pola 4ª edición, con actividades que se desenvolven durante os meses de marzo e novembro.

### Na área de Formación e Emprego e Actualización Tecnolóxica:

- » Redución dos niveis de desemprego das mulleres de Culleredo, aínda que non dun xeito substancial.
- » Incremento do número de mulleres nas accións formativas promovidas desde o Concello para persoas desempregadas.
- » Consolidación de accións con carácter anual de formación en novas tecnoloxías dirixidas a mulleres, fundamentalmente de idades adultas: cursos de iniciación e perfeccionamento de informática.

### Na área de Saúde e de Prevención de Riscos Sociais das Mulleres:

- » Creación e potenciación do Servizo de atención a vítimas da violencia de xénero (SAVVIX) con protocolo de coordinación do Centro de información á muller e forzas de seguridade.
- » Consolidación dunha oferta de espazos para a práctica do ioga como vehículo de mellora das situacións de estrés que viven as mulleres polo efecto das “dúas e triples xornadas”.
- » Apoio periódico aos programas de saúde do “Plan integral de atención sanitaria e social á muller” que promove a Consellería de Sanidade: prevención do cancro de mama, osteoporose, enfermidades de transmisión sexual, lactancia materna...

### Na área de Cultura e Ocio para a Muller:

- » o Potenciación e incremento da participación da muller en escolas culturais e deportivas do Concello.
- » o Incremento da difusión cultural de temas vinculados á igualdade.

### Na área de Desenvolvemento Ambiental e Urbanístico desde o Feminino:

- » o Incremento das políticas de accesibilidade.



## 4. O Diagnóstico: A Matriz DAFO

En base aos resultados acadados polo I Plan, que marcan un punto de partida, desde o departamento de Igualdade procedeuse a unha identificación dos factores internos e externos que deberían terse en conta de cara a conseguir un avance substancial na Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no Concello de Culleredo, cun II Plan. Para isto utilizouse a técnica DAFO, cunha metodoloxía de encontros e reunións con informantes clave no eido da Igualdade de Culleredo, así como persoal técnico na materia. Desde o punto de vista interno detectáronse cales son as fortalezas e as debilidades inherentes ao Concello de Culleredo e, desde o punto de vista externo e do contorno, cales son as oportunidades para aproveitalas convenientemente e as ameazas para evitalas ou mitígalas o máximo posible.

A partir pois da elaboración da matriz DAFO, que recolle as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades detectadas deseñáronse as áreas e accións do II Plan Municipal de Igualdade Culleredo. De forma esquemática a matriz DAFO que se elaborou recolle:

### Análise interna

#### Fortalezas

- » Existencia dun compromiso político e técnico coa Igualdade.
- » Capacidade da Concellaría e departamento de Igualdade do Concello para liderar e coordinar as políticas municipais de Igualdade de oportunidades.
- » Existencia dunha acción continuada e permanente, con carácter anual, en todos os eidos: prevención e protección de vítimas de violencia de xénero e de promoción da igualdade.
- » Existencia de servizos, recursos e equipamentos para a atención ás vítimas e para a información, orientación e dinamización.
- » Capacidade para impulsar políticas transversais de igualdade entre mulleres e homes nas distintas áreas municipais.

- » Experiencias anteriores no desenvolvemento de programas e proxectos enmarcados no Fondo social europeo nos que a igualdade de oportunidades estivo presente en todas as fases de desenvolvemento, prioritariamente no ámbito da inserción e a empregabilidade das mulleres.
- » Elaboración de material informativo, formativo e sensibilizador con carácter periódico en materia de igualdade de oportunidades.
- » Promoción do asociacionismo de mulleres.

### Debilidades

- » Insuficiente dotación orzamentaria para a promoción da igualdade de oportunidades, que garanta a transversalidade do Plan.
- » Carácter non permanente de algúns dos proxectos desenvolvidos cando requirirían continuidade.
- » Algunhas accións non se adaptan ás características do contexto territorial e socio-demográfico de Culleredo.
- » Limitacións das vías de asesoramento ao persoal técnico das distintas áreas municipais.
- » Insuficiencia de servizos para a conciliación e fomento da corresponsabilidade entre sexos.
- » Déficits na comunicación interáreas e coa iniciativa social para dar a coñecer o Plan e os seus resultados.
- » Escasa avaliación das medidas levadas a cabo ata agora.
- » Carácter restritivo das competencias municipais en relación coas áreas de intervención operativas.


### Análise do contorno

#### Oportunidades

- » Impulso das políticas de Igualdade de oportunidades desde a Unión Europea.
- » Existencia dun novo marco lexislativo nacional e autonómico en materia de Igualdade de oportunidades e de Prevención e protección ás vítimas de violencia de xénero.
- » Desenvolvemento de políticas de igualdade desde a administración autonómica para o seu desenvolvemento no eido local como administración máis próxima á cidadanía.
- » Existencia de boas prácticas en Culleredo e no seu contorno en materia de Igualdade e Prevención e protección das vítimas de violencia de xénero.
- » Sensibilización e boa disposición por parte da maioría do persoal técnico municipal e de organizacións e entidades sociais.
- » Rede e movemento asociativo activo de mulleres no Concello.
- » Incremento progresivo do nivel educativo e formativo das mulleres de Culleredo.
- » Participación crecente das mulleres no mercado de traballo.
- » Incremento paulatino da concienciación social en materia de Igualdade de oportunidades.
- » Posibilidade de aproveitamento das políticas de Igualdade derivadas da execución do I Plan e das políticas autonómicas. Boa base para o funcionamento das sinerxías.
- » Maior visualización dos temas de igualdade nos medios de comunicación.
- » Experiencias de coordinación positivas en materia de violencia de xénero.
- » Actuacións positivas en materia de coordinación cos municipios limítrofes.

### Ameazas

- » Deficiencias na concienciación no eido político e técnico sobre a desigualdade de xénero.
- » Políticas de Igualdade en fase embrionaria.
- » Déficit formativo do persoal técnico de todas as áreas para executar un plan cunha perspectiva transversal.
- » Perpetuación dos estereotipos e roles de xénero a través do proceso de socialización.
- » Incremento da feminización da pobreza.
- » Problemas de saúde derivados do desigual reparto de cargas que soportan as mulleres.
- » Maior vulnerabilidade das familias monoparentais, de forma máis intensa nas zonas urbanas de Culleredo.
- » Persistencia de barreiras invisibles para o empoderamento das mulleres.
- » Desigualdades entre mulleres e homes no mercado de traballo en Culleredo: menores salarios a igual traballo e máis desemprego.
- » Existencia de segregación por xéneros en materia formativa/ocupacional e subrepresentación da muller en determinadas profesións e sectores.
- » Falta de autonomía e illamento da muller rural de Culleredo para o acceso a determinados ámbitos da vida comunitaria.
- » Insuficiente desenvolvemento e falta de apoio (por parte do empresariado e das administracións). Enfoque en ocasións sexista das políticas de conciliación da vida laboral e familiar.
- » Desigualdade na asunción das cargas familiares e tarefas domésticas e escaso grao de desenvolvemento do concepto de corresponsabilidade que reforza o perfil feminino da rede informal de apoio familiar.



## A Misión do II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo

Impulsar e avanzar cara a unha cultura cidadán de **igualdade** de oportunidades entre **homes e mulleres** en todos os ámbitos sociais, e contribuír á prevención e á erradicación das situacións de violencia de xénero que padecen as mulleres cullerdenses.

## 6. Os Principios Inspiradores e as Características do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades.

### Igualdade de trato

Atención a toda discriminación baseada no sexo, ben sexa directa como indirecta, e calquera que sexa a forma utilizada para iso.

### Igualdade de oportunidades

Garantía de que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades e as mesmas posibilidades de influencia e integración.

### Respecto á diversidade e á diferenza

Posta en marcha dos medios necesarios para que o proceso cara á Igualdade se realice respectando a diversidade e as diferenzas existentes entre mulleres e homes ao longo dos ciclos vitais, expectativas e intereses, así como as diferenzas dentro dos propios colectivos de mulleres e de homes.

### Integración da perspectiva de xénero

Incorporación de maneira sistemática, en todas as fases do traballo de todas as políticas e accións, da perspectiva de que as mulleres e os homes poden presentar diferentes situacións, condicións, necesidades e expectativas.

### Acción positiva

Adopción de medidas específicas e temporais destinadas a eliminar ou reducir as desigualdades de feito por razón de sexo existentes nos diferentes ámbitos da vida.

### Roles e estereotipos en función do sexo

Eliminación destes roles segundo os que se asigna ás mulleres a responsabilidade do ámbito doméstico e aos homes a do ámbito público, cunha moi desigual valoración e recoñecemento económico e social.

## Representación equilibrada

Promoción de medidas para a presenza equilibrada de mulleres e homes en distintos ámbitos de toma de decisións.

## Colaboración e coordinación

Entre departamentos, servizos, organismos e asociacións para que as súas intervencións sexan máis eficaces e acordes cunha utilización racional dos recursos

**Doutra banda, como características propias deste plan que lle imprimen o seu propio carácter, destacamos as seguintes:**

## Participación

Recoñecemento do papel importante que xogan os axentes sociais na elaboración, seguimento e avaliación do Plan. Este proceso de participación realizarase co asesoramento do Consello sectorial de Igualdade.

## Flexibilidade

O Plan pretende ser unha guía para a acción polo que ten un carácter dinámico e flexible que permite ao longo do seu desenvolvemento a incorporación de novos elementos, así como a realización das modificacións pertinentes.

## Transversalidade

O impulso do Plan levarase a cabo desde o departamento municipal de Igualdade, pero para a súa planificación operativa e implementación contarase coas diferentes áreas do Concello e se presentarán accións consensuadas a desenvolver por cada unha delas. Desta maneira, preténdese relacionar a política de Igualdade co resto de políticas locais.

## Operatividade

O Plan pretende ser un instrumento que facilite a súa posta en práctica; neste sentido tamén é posibilista e prioriza determinadas áreas de intervención tendo en conta o diagnóstico que se realizou con anterioridade. É por isto que a súa estrutura é sinxela e operativa.

## Avaliación continua

Cada obxectivo do Plan incorpora una serie de indicadores de avaliación que permitirán valorar de maneira continua o seu nivel de cumprimento, introducindo durante o proceso as melloras oportunas. Para isto, realizarase polo menos unha revisión anual.





## 7. As Áreas, Obxectivos e Accións que Contempla o II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo

En vista do contexto, dos resultados que acadou o I Plan de igualdade, da análise DAFO e dos novos principios que se queren imprimir, o II Plan Municipal de Igualdade de Culleredo organízase en 7 áreas de traballo e operatividade do seguinte xeito:

### ÁREA 1: IGUALDADE NA NORMATIVA E ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA

**Obxectivo:** Incorporar a perspectiva de xénero nas estruturas e no modelo de organización e funcionamento interno do Concello.

- » **ACCIÓN 1:** Crear unha Comisión Técnica Interdepartamental para o impulso, seguimento e avaliación do II Plan que imprima un carácter transversal ao mesmo.
- » **ACCIÓN 2:** Introducir no Plan xeral de Culleredo e no Plan municipal de accesibilidade a perspectiva de xénero.

» **ACCIÓN 3:** Introducir no Plan anual de formación do Concello de Culleredo polo menos unha acción formativa no eido da Igualdade dirixida ao persoal municipal, así como contidos de perspectiva de xénero nos cursos de procedemento administrativo común.

» **ACCIÓN 4:** Ofrecer formación e asesoramento ao persoal municipal para a elaboración dos orzamentos municipais desde unha perspectiva de xénero.

» **ACCIÓN 5:** Emitir o 100% das estatísticas municipais desagregadas por xénero.

» **ACCIÓN 6:** Introducir elementos de discriminación positiva na contratación pública de empresas e subvencións a entidades, que cumpran ou sobrepenen o marco normativo vixente en materia de Igualdade.

» **ACCIÓN 7:** Introducir o uso da linguaxe non sexista nos procedementos administrativos máis comúns.

» **ACCIÓN 8:** Informar con periodicidade semestral dos avances do II Plan municipal de igualdade ao conxunto de áreas, persoal do Concello e ao Consello Sectorial de Igualdade.

## ÁREA 2: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN POLÍTICA, SOCIAL E ECONÓMICA DAS MULLERES.

**Obxectivo:** Fomentar a autonomía das mulleres en todos os ámbitos para conseguir a plena cidadanía.

» **ACCIÓN 1:** Creación do Consello Sectorial de Igualdade como órgano consultivo e de participación que se contempla no Regulamento municipal de Participación Cidadá.

» **ACCIÓN 2:** Ofrecer ao 100% do empresariado local alternativas formativas para a elaboración de plans de igualdade ou medidas que inclúan formas de promoción non discriminatorias.

**ACCIÓN 3:** Impartir, con carácter anual, dous cursos de formación de habilidades directivas e capacidade de liderado para as mulleres das asociacións municipais e mulleres en xeral de Culleredo.

» **ACCIÓN 4:** Integrar no movemento asociativo local a mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

» **ACCIÓN 5:** Propiciar encontros de carácter anual entre a rede asociativa local para avaliar as boas prácticas no eido do empoderamento a nivel local.

» **ACCIÓN 6:** Promover a creación dunha rede informal de mulleres directivas de Culleredo que propicie o encontro, análise, reflexión e debate sobre a promoción da muller.

» **ACCIÓN 7:** Consolidar un servizo de apoio técnico e económico á rede asociativa a prol da Igualdade.

» **ACCIÓN 8:** Crear unha rede de axentes voluntarias/os de Igualdade a nivel parroquial que sirva de vehículo de transmisión da información relevante en materia de Igualdade ás mulleres, eliminando deste xeito os atrancos de acceso á información.

## ÁREA 3: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

**Obxectivo:** conseguir a construción dun modelo social máis xusto baseado no reparto equilibrado do traballo doméstico e dos coidados que posibilite o desenvolvemento da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes.

» **ACCIÓN 1:** Elaborar o I Plan Municipal de conciliación.

» **ACCIÓN 2:** Elaborar o I Programa do tempo na cidade.

» **ACCIÓN 3:** Organizar un Banco de Tempo con perspectiva de xénero.

» **ACCIÓN 4:** Aumentar a cobertura ao 100% dos períodos escolares non lectivos do programa Mañás de campamentos, e incrementar nun 50% o número de prazas actuais.

» **ACCIÓN 5:** Abrir os centros educativos públicos, cunha cobertura de 10 horas semanais por centro, ofrecendo un conxunto de actividades socio-educativas que apoiem ás familias na conciliación da vida familiar e laboral.

» **ACCIÓN 6:** Fomentar a existencia en todos os centros escolares de un servizo de comedor

» **ACCIÓN 7:** Incrementar nun 50% a financiación municipal do programa de almorzo nos centros educativos públicos de culleredo.

» **ACCIÓN 8:** Ofertar de oficio a cobertura dun servizo de apoio á infancia no domicilio a mulleres: familias monoparentais con menores a cargo e en risco de exclusión social.

» **ACCIÓN 9:** Ofrecer á poboación de Culleredo, con carácter anual, escolas de pais e nais e de avós e avoas, que inclúan a perspectiva de xénero como eixo condutor.

» **ACCIÓN 10:** Desenvolver, con carácter anual, obradoiros de fomento da corresponsabilidade e igualdade de xénero no conxunto de centros escolares de Culleredo.

» **ACCIÓN 11:** Promover, con carácter anual, campañas de sensibilización sobre a corresponsabilidade e igualdade de xénero dirixidas ao conxunto da poboación.

» **ACCIÓN 12:** Realizar con carácter anual obradoiros de masculinidade e promover deste xeito novas actitudes dos homes cullerdenses cara á corresponsabilidade.

» **ACCIÓN 11:** Facilitar apoio técnico ao 100% de empresas cullerdenses que desexen desenvolver medidas de fomento da conciliación dentro das súas empresas.

» **ACCIÓN 12:** Incrementar nun 40% os servizos do PAAD (prestacións de apoio á autonomía e atención á dependencia: axuda no fogar, comedor, lavandaría sobre rodas e transporte adaptado), eliminando deste xeito a carga que soportan as mulleres coidadoras.

#### ÁREA 4: VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

**Obxectivo:** potenciar e articular novos recursos e medidas para a prevención e atención ás mulleres vítimas da violencia.

» **ACCIÓN 1:** Posta en funcionamento do Pacto Cidadán contra a violencia de xénero.

» **ACCIÓN 2:** Potenciación do SAVVIX (Servizo municipal de atención ás vítimas da violencia de xénero), coa definición e corrección periódica dos protocolos de coordinación necesarios entre servizos municipais e forzas de seguridade: Policía Local e Garda Civil.

» **ACCIÓN 3:** Elaboración do I Plan de Prevención e alerta ante a Violencia de Xénero dirixido á poboación escolar de Culleredo, que contemple a mellora dos sistemas de detección e atención ás vítimas a través de protocolos locais e da formación do persoal.

» **ACCIÓN 4:** Consolidar a oferta de sete prazas na Vivenda Tutelada Municipal para mulleres vítimas de violencia de xénero, xunto cos seus fillos/as.

» **ACCIÓN 5:** Promover anualmente Campañas de sensibilización sobre a prevención da violencia de xénero.

» **ACCIÓN 6:** Implementar con carácter anual obradoiros de prevención da violencia de xénero no ámbito dos centros escolares de Culleredo.

#### ÁREA 5: EMPREGO E INSERCIÓN SOCIOLABORAL.

**Obxectivo:** Apoiar á inserción socio-laboral das mulleres de Culleredo, con especial atención a aquelas que se atopan en risco ou situación de exclusión social e que sofren de discriminación múltiple.

» **ACCIÓN 1:** Desenvolver con carácter anual dous cursos específicos de formación e inserción laboral para desempregadas de Culleredo, que apoiem a eliminación da desigualdade no acceso ao emprego das mulleres.

» **ACCIÓN 2:** Promover con carácter anual un curso de formación de mulleres en profesións onde estean subrepresentadas.

» **ACCIÓN 3:** Apoiar e orientar ao 100% da demanda de iniciativas de autoemprego feminino.

» **ACCIÓN 4:** Sensibilizar ao 100% do empresariado local sobre as vantaxes e posibilidades para a contratación de mulleres.

» **ACCIÓN 5:** Desenvolver con carácter anual un curso de orientación da motivación para mellorar a empregabilidade das mulleres cullerdenses.

» **ACCIÓN 6:** Realizar tres cursos con carácter anual de achegamento das mulleres ao ámbito tecnolóxico e das telecomunicacións.

» **ACCIÓN 7:** Implementar accións de orientación profesional, con carácter anual, dirixidas aos adolescentes de educación secundaria e bacharelato e contribuír a evitar a desagregación por xénero na elección do seu futuro profesional.

#### ÁREA 6- CULTURA E DEPORTES

**Obxectivo:** potenciar a creación artística e cultural das mulleres de Culleredo e fomentar a súa participación na actividade física e deportiva.

» **ACCIÓN 1:** Promocionar e recoñecer con carácter anual a mulleres cullerdenses, especialmente significativas no eido cultural e deportivo.

» **ACCIÓN 2:** Incrementar o número de actividades culturais no Concello de emprendemento feminino.

» **ACCIÓN 3:** Organizar un Seminario da Historia de Culleredo dedicado ao movemento feminino na Comarca das Mariñas.

» **ACCIÓN 4:** Promover o nomeamento en feminino de prazas e rúas.

» **ACCIÓN 5:** Promover e facilitar opcións creativas e enriquecedoras para encher o tempo de ocio das mulleres e crear espazos de encontro lúdico entre elas: tertulias temáticas e club de lectura en feminino.

» **ACCIÓN 6:** Fomentar e apoiar técnica e economicamente a creación de novas asociacións e clubs deportivos naquelas especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas.

» **ACCIÓN 7:** Promover novas escolas deportivas municipais dirixidas a mulleres que desenvolvan accións preventivas cara á aparición prematura de enfermidades prevalentes na muller.

### ÁREA 7- SAÚDE.

**Obxectivo:** mellorar a saúde das mulleres de Culleredo que, por factores biolóxicos inmodificables pero tamén por factores sociais derivados de roles ou condutas, ten claramente unha maior necesidade de implementación de medidas preventivas e asistenciais diferenciadas.

» **ACCIÓN 1:** Apoiar de xeito activo as medidas contempladas no Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia promovido pola Consellería de Sanidade, implantando en Culleredo aquelas accións de carácter asistencial e preventivo que estean ao alcance do Concello e dentro do seu ámbito competencial.

» **ACCIÓN 2:** Consolidar o programa de actividades periódicas de control do estrés, contribuíndo á mellora vital das mulleres de Culleredo e previndo deste xeito a aparición de enfermidades derivadas da carga laboral fóra e dentro do fogar.

» **ACCIÓN 3:** Formar con carácter periódico ás mulleres ao coidado de persoas dependentes e contribuír a evitar a aparición da síndrome da coidadora.

» **ACCIÓN 4:** Desenvolver con carácter anual grupos de apoio mutuo que contribúan á rehabilitación psicosocial de mulleres con enfermidades graves ou crónicas: cancro, depresión crónica, fibromialxia, síndrome menopáusica,...

» **ACCIÓN 5:** Promover cursos de formación anuais que melloren a saúde sexual e reprodutiva das mulleres cullerenses.

» **ACCIÓN 6:** Promover de xeito periódico a lactación materna en embarazadas e nais, como acción saudable, tanto para a nai como para os fillos/as.



## 8. Os Recursos Humanos do II Plan Municipal de Igualdade

### Pleno Municipal e Equipo de Goberno

Máximos responsables do Plan desde a perspectiva política

- » Un/unha representante das asociacións veciñais
- » Un/unha representante das organizacións sindicais
- » Un/unha representante das asociacións de inmigrantes
- » Un/unha representante das ANPAS

### Consello Sectorial de Igualdade

Órgano consultivo de participación

#### Constituído por:

- » Presidenta: Concelleira de Igualdade
- » Secretaria: Xefa do Servizo de Igualdade
- » Un/unha representante de cada grupo político: PSdG-PSOE, BNG, PP e APdC
- » Un/unha representante do Consello escolar municipal
- » Un/unha representante por cada unha das asociacións de mulleres do concello

### Comisión Técnica Interdepartamental de Igualdade:

#### Constituída por:

- » Profesional nomeado por cada departamento municipal como responsable técnico do II Plan para esa área.
- » Os profesionais do grupo técnico coordinador do Plan.

A xefa do Servizo de Educación, Sanidade e Igualdade coordinará a Comisión.

Esta comisión reunirse con carácter semestral para facer o seguimento técnico do Plan e emitir informes para o seguimento político do mesmo e do Consello sectorial de Igualdade.

## Grupo Técnico- Coordinador do Plan:

### Constituído por:


- » O equipo profesional da Concellaría da Igualdade.
- » A xefa de servizo de Educación, Igualdade e Sanidade.

Este equipo levará o impulso da execución do Plan e o seu seguimento. Competeralle a avaliación continua do mesmo e as propostas de corrección e axuste necesarias para remitilas ás áreas e aos axentes sociais ás que se refiran.

Este grupo técnico será o voceiro e interlocutor operativo do Plan ante os representantes políticos locais e autonómicos, asociacións veciñais, profesionais doutras administracións implicados etc. e prestará o soporte profesional e administrativo necesario á Comisión técnica interdepartamental.

## Axentes Sociais Implicados:

- » Asociacións e colectivos veciñais.
- » Profesionais da sanidade pública e privada do Concello.
- » Centros educativos públicos e privados do municipio.
- » Asociacións empresariais, empresas e comercio de Culleredo.
- » Sindicatos.
- » ONGs que traballan no termo



## 9. Cronograma

Avaliación dos resultados do I Plan de acceso das mulleres de culleredo á igualdade de oportunidades	xaneiro 2008
Creación do consello sectorial de igualdade	febreiro 2008
Creación da comisión técnica interdepartamental de igualdade do concello de culleredo	marzo 2008
Avaliación diagnóstica: análise DAFO	marzo-xuño 2008
Redacción do 1º borrador do II Plan municipal de igualdade de culleredo	xullo-agosto 2008
Presentación do plan definitivo ao consello sectorial de igualdade	novembro 2008
Aprobación plenaria do plan	novembro 2008
Publicación do plan	novembro 2008
Presentación pública do plan	decembro 2008
Implementación do plan	xaneiro 2008 a decembro 2011
Seguimento e avaliación do plan	semestrais e anuais 2009,2010, 2011

## 10. Avaliación do GRAO de Cumprimento dos Obxectivos

### A avaliación do Plan contemplará:

Unha valoración cuantitativa que medirá o grao de consecución dos indicadores derivados de cada unha das accións. Case o 100% das accións incorporan medidores, algunhas concretarán os mesmos no seu desenvolvemento operativo.

Unha avaliación cualitativa que tentará medir a calidade e satisfacción do desenvolvemento das actividades.

Ambas as avaliacións serán dirixidas polo equipo de desenvolvemento do II Plan e serán desenvolvidas desde a Comisión interdepartamental municipal de Igualdade e levadas a debate do Consello sectorial de Igualdade.

O II Plan rematará cunha avaliación diagnóstica na que se estudará o impacto do mesmo na consecución da finalidade presentada.





CULLEREDO  por más **IGUALDADE**